

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 21 de novembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTE:

D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día vinte e un de novembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1539).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión extraordinaria e urxente do 4 de novembro e a sesión ordinaria do 7 de novembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1540).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 3/394, 11/1210, 4/450, 14/1278, 1/1447, 2/1403, 2/1373.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. María Lourdes Araujo Da Silva. Expte. 03/394.
- D. Hilario Enes Fernández. Expte. 11/1210.
- D^a. Ana Vila Fernández. Expte. 4/450.
- D. Antonio Piña Lobarriñas. Expte. 14/1278.
- D^a. Arminda García Rodríguez. Expte. 1/1447.
- D. Manuel Santerbas Barciela. Expte. 2/1403.
- D^a. Avelina Alonso Pérez. Expte. 2/1373.

3(1541).- SOLICITUDE DE COMESAÑA SPORTING CLUB DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “27º MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS” DO 04.12.05, NO PASEO DO LAGARES. EXPTE. 05688/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de Comesaña Sporting Club e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD., do 11.11.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Comesaña Sporting club a organizar o vindeiro día 4 de decembro de 2005 a proba deportiva denominada “27º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través” para atletas federados, no paseo do Lagares a altura da ponte de San Andres, entre as 9:00 h. e as 14:00 h.

4(1542).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PRADO SURF CLUBE CONSITUTÍDA POLO CAMPEONATO DE SKATEBOARD “ O MARISQUIÑO” REALIZADO EN SAMIL. EXPTE. 05689/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 14.11.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 600.00 € imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns con data 12 de abril de 2005 o club Prado Surf para responder da limpeza da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración na mesma da actividade deportiva Open de Skate Cidade de Vigo “O Marisquiño” durante os días 27 e 28 de agosto de 2005 .

5(1543).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE U.T.E. ESYCA-ETRAMONCOBRA, POR IMPORTE DE 121.836,19 EUROS, POLO MANTEMENTO DO TÚNEL DO AREAL DESDE DECEMBRO DE 2003 ATA MAIO DE 2004. EXPTE. 10909/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 8.11.05, e de acordo co informe proposta do Enxeñeiro Industrial Municipal, do 11.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer unha indemnización substitutoria por importe de 121.836,19 Euros, a favor da UTE Esycsa-Ettra-Moncobra polos traballos realizados no mantemento do Túnel Areal, durante o período comprendido dende o 1 de decembro de 2003 ata o 30 de xuño de 2004

2º.- Do presente expediente deberá darse conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre de conformidade co previsto nas bases de execución do presuposto.

**6(1544).- BASES DO “ XX CONCURSO DE CARTEIS DO ENTROIDO 2006”.
EXPTE. 1673/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 2.11.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, co conforme xurídico de técnico de Administración Xeral e fiscalizado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes ao “XX Concurso de Carteis do Entroido 2006”.

2º.- Que os premios estipulados nestas bases, por un importe total de 3.300 €, quedes supeditados á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 451.2.481.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2006.

Bases do XX Concurso de Carteis do Entroido 2006

- 1. O obxecto deste concurso é seleccionar un cartel para empregar na difusión do programa do ENTROIDO 2006, que organiza a Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo. Neste concurso poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, e poderán presentar, cada unha delas, cantas obras desexen, coa condición indispensable de seren inéditas.*
- 2. Os orixinais realizaranse verticalmente, en papel de 40 x 55 cm, e presentaranse suficientemente protexidos e montados sobre soporte ríxido e desmontable, que permita a súa perfecta exposición. A técnica utilizable será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.*

En caso de remitirse facturados, o Concello de Vigo non responderá de posibles danos, nin extravíos, como tampouco da súa devolución.

Así mesmo, o Concello de Vigo non responderá dos posibles estragos ou danos que poidan sufrir os carteis como consecuencia do seu transporte, manipulación, montaxe e desmontaxe, en caso de realizarse algunha exposición destes (base núm 9). Por este motivo, recoméndase que os carteis se presenten en soporte de cartón, cartón-pluma ou similar, evitando na medida do posible o emprego de cristal, metacrilato, enmarcado, etc.

3. Os orixinais, ademais do escudo oficial do Concello de Vigo, deberán incluír necesariamente os seguintes textos:

* ENTROIDO 2006.

* VIGO.

* 24 DE FEBREIRO AO 1 DE MARZO

A Concellería de Festas e Animación Sociocultural corruxará os posibles erros dos textos que figuren nas obras, así como calquera modificación de datas ou doutro tipo que poidan xurdir. Así mesmo, resérvase a facultade de modificar ou substituír o escudo ou logotipo que apareza no orixinal, así como de variar a súa localización na composición definitiva do cartel que se edite.

4. Os carteis presentaranse na Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo (praza do Rei, s/n; CP 36202), en horario de 9 a 14 horas; o prazo de presentación iniciarase o 15 de decembro e finalizará ás 14'00 h. do día 20 de xaneiro. Non serán admitidos os carteis que se reciban no citado departamento con posterioridade á data e hora indicadas, calquera que sexa a causa do atraso.

As presentes bases publicitaranse a través dos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na propia Concellería de Festas e Animación Sociocultural, no posto de información situado na lonxa do Concello e na web municipal.

5. Cando os traballos se presenten persoalmente, facilitarase un recibo que se cambiará no seu día polo traballo presentado. Os que se reciban facturados seranlle devoltos ó seu autor/a, se así o solicita, unha vez verificado o concurso; todo isto sen prexuízo do previsto na base núm 9.

Transcorrido o prazo de 30 días naturais, contados dende a data de adxudicación do concurso, sen que os/as autores/as dos traballos non premiados os recollisen, entenderase que renuncian a estes, e o Concello de Vigo poderá dispoñer libremente deles, sen recoñecer dereitos de reclamación ou indemnización de ningunha clase. Os gastos de envío e devolución serán por conta dos/as concursantes.

6. Os carteis serán presentados sen sinatura do/a autor/a e baixo un lema, que estará escrito no dorso do cartel, acompañados dun sobre pechado que porá no seu exterior o mesmo lema. No interior do sobre depositarase unha nota escrita a máquina ou rotulación adecuada, co nome e apelidos do autor/a, enderezo, número de teléfono e NIF ou CIF correspondente. O incumprimento dalgún destes aspectos será motivo de descalificación.

7. Establécense para este concurso os seguintes premios e accésit:

PREMIO ÚNICO	2.400.- euros.
3 ACCÉSIT	300.- euros, cada un deles.

Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar e non serán acumulables.

O premio único ou calquera dos accésit poderán ser declarados desertos polo xurado do concurso. De estimar o xurado que ningún dos traballos presentados resulta adecuado para se-lo cartel anunciador oficial do ENTROIDO 2004, o Concello de Vigo resolvería polos seus propios medios a edición do mencionado cartel.

8. As obras gañadoras, tanto do premio único como dos tres accésit, quedarán en propiedade do Concello de Vigo, polo que o/a autor/a cederá exclusiva e irrevogablemente, o dereito de impresión ou

reproducción, total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que poderá realizar as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

9. *O Concello de Vigo resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos ou parte dos carteis presentados ó concurso, en local, datas e horas que se determinarán. Neste suposto, os carteis deberán ser retirados polos propios autores ou persoas que os representen, no prazo de trinta días naturais seguintes ó da clausura da derradeira das exposicións. A selección das obras que se inclúan na exposición será realizada polo xurado do concurso.*
10. *A composición do xurado será a seguinte:*
PRESIDENTE: O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, ou persoa na que delegue.
VOCAIS: Un membro da comisión organizadora do Entroido 2006.
Dúas persoas que designará o Concello de Vigo, relacionados co mundo das artes, da imaxe, da comunicación...
SECRETARIO: Un/ha técnico/a do Concello de Vigo, con voz e sen voto.
- En caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente do xurado.*
11. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para resolver as eventualidades que poidan xurdir, non previstas nestas bases.*
12. *A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases. A decisión do xurado é inapelable.*

7(1545).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURA DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 1674/335.

Examinadas as actuacións do expediente, en cumprimento co establecido na Base 31ª das execucións do Orzamento xeral do Concello de Vigo, o concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno local do expediente de contratación tramitado polo réxime de gasto menor do servizo de Festas e Animación Sociocultural, correspondente ao mes de outubro de 2005 e que é o seguinte:

EXPTE. 1667/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO PARA O CONCERTO DE NADAL 2005.
DECRETO CONCELEIRO DATA: 19-10-05
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 47944
ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA, S.L.
IMPORTE: 363,30 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(1546).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE ABRIL E OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 3496/77.

Mediante escrito de data 16.11.05 a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, de conformidade co establecido na Base 31ª das “Bases para a Execución do Presuposto Municipal 2005” do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno Local dos seguintes expedientes de contrato menor autorizados na área de Desenvolvemento Local, correspondentes aos meses de abril a outubro do presente ano 2005, que son os seguintes:

<i>Nº Exp.</i>	<i>Concepto</i>	<i>Suministrador</i>	<i>Importe</i>
3079-077	<i>Autorización de gasto menor para a participación en GALIEMPREGO 2005</i>	<i>Varios</i>	<i>3.000,00 €</i>
3093-077	<i>Adecuación da ferramenta telemática do Proxecto Compás ao departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.</i>	<i>Alén Multimedia, S.L.L.</i>	<i>4.616,80 €</i>
3102-077	<i>Contratación do servizo de reparación dos motores foraborda da Escola Obradoiro Mar de Vigo II</i>	<i>Enrique Lorenzo Fernández</i>	<i>2.271,71 €</i>
3111-077	<i>Adquisición de suministros para a especialidade de actividades náuticas dentro da 3ª fase da Escola Obradoiro Mar de Vigo II</i>	<i>Efectos Navales Jesús Betanzos S.L.</i>	<i>2.628,40 €</i>
3112-077	<i>Dotación de roupa de traballo para os Obradoiros de carpintería, construción e xardinaxe da 2ª Fase do O. E. Vigozoo II</i>	<i>Peycar Pontevedra S.L.</i>	<i>4.999,38 €</i>
3114-077	<i>Autorización de gasto menor para suministros na 3ª fase da E.O. Mar de Vigo II</i>	<i>Varios</i>	<i>2.600,00 €</i>
3115-077	<i>Autorización de gasto menor para gastos diversos para a Escola Obradoiro Mar de Vigo II</i>	<i>Varios</i>	<i>1.500,00 €</i>
3116-077	<i>Autorización de gasto menor para gastos diversos para o Obradoiro de Emprego Vigozoo II.</i>	<i>Varios</i>	<i>5.000,00 €</i>
3117-077	<i>Autorización de gasto menor para suministros para a 2ª fase do Obradoiro de Emprego Vigozoo II</i>	<i>Varios</i>	<i>4.100,00 €</i>

<i>Nº Exp.</i>	<i>Concepto</i>	<i>Suministrador</i>	<i>Importe</i>
3188-077	<i>Autorización de gasto menor para gastos diversos do Obradoiro de Emprego Vigozoo II, dentro da 2ª fase.</i>	Varios	5.768,00 €
3208-077	<i>Autorización de gasto menor por importe de 1000 € para gastos en Programas de Emprego</i>	Varios	1.000,00 €
3288-077	<i>Contratación do servizo de limpeza nas instalacións sitas na estrada do Vao 151, Coruxo polo período comprendido entre o día 15/07/05 ata ó 31/12/05.</i>	ISS Facility Services, S.A.	3.045,00 €
3290-077	<i>Elaboración dos diplomas acreditativos da Formación impartida no Proxecto ALICERCE.</i>	ECOVIGO Publicidad S.L.	197,20 €
3294-077	<i>Reserva de crédito para gastos diversos do Programa de Actividades do Programa “ Mundo do Mar”</i>	Varios	2.000,00 €
3310-077	<i>Autorización de gasto menor para adquisición de material de oficina</i>	Varios	2.000,00 €
3446-077	<i>Autorización de gasto menor para adquisición de equipos informáticos para Programas de Emprego</i>	Gomez Besada S.L. EKIPO	9.645,46 € 304,61 €
3447-077	<i>Autorización de gasto menor para mobiliario en Programas de Emprego</i>	NEXO EQUIPO TECAM CARLIN PLANITEC DISMAC	1.008,04 € 838,72 € 268,06 € 565,56 € 286,00 € 345,00 €
3448-077	<i>Autorización de maquinaria e demais equipamentos para programas de emprego</i>	POMBO S.A.	6.903,90 €
3456-077	<i>Autorización de gasto menor para gastos en Programas de Emprego</i>	Varios	3.000,00 €
3457-077	<i>Autorización de gasto menor para gastos en Información e Difusión en Programas de Emprego</i>	Varios	1.000,00 €

Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
3459-077	Subministro de motor Foraborda para Programas de Emprego	Varios	2.944,96 €
3489-077	Gastos derivados pola participación na Volvo Ocean Race.	Varios	4.500,00 €
3446-077	Autorización de gasto menor para adquisición de equipos informáticos para Programas de Emprego	Gomez Besada S.L. EKIPO	9.645,46 € 304,61 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1547).- OBRAS DE ACTUACIÓNS DO PROGRAMA BIAL- NOVEMBRO DE 2005. EXPTE. 3504/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 08.11.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O pasado día 21/02/05, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos (expte. 3022/077) coas que arrancou o programa o BIAL o primeiro día de traballo dos beneficiarios, unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 18 de febreiro. Con posterioridade, no expte 3053/077, recóllense as actuacións con inicio previsto no mes de marzo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 14/03/05. No expt. 3097/077 recóllense as actuacións do programa Bial iniciadas no mes de abril, aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 25/04/05; no expt 3153/077 as iniciadas en maio e aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 09/05/05, no expt 3221/077 as iniciadas en xuño e aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 06/06/05, no expt 3247/077 as iniciadas en xullo e aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 11/07/05 e , no expt 3414/077 as iniciadas en setembro e aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 30/09/05. Achéganse copias das correspondentes certificacións destes acordos.

Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto ó longo deste mes de novembro, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Esta proposta de obras é o resultado do procedemento establecido, seguindo instrucións da Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, no sentido de recoller as solicitudes dos distintos departamentos, mediante as correspondentes reunións mensuais cos responsables técnicos dos departamentos interesados, fundamentalmente das áreas de servizos xerais e de medio ambiente. O procedemento establecido indicaba tamén a necesidade de dar conta, mensualmente, á Xunta de Goberno Local do estado e características das obras realizadas e rematadas, polo que no presente expediente achégase informe do equipo técnico nese sentido.

A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 1ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, e de todavía relativa sinxeleza na súa execución, para o asentamento dos coñecementos que os beneficiarios están poñendo en práctica nas súas tarefas cotidiás. Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a

realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Aprobación a programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

1º.- Quedar enterada do estado e características das obras realizadas e rematadas, tal e como se detalla no Informe de situación das actuacións de Bial dos meses de setembro e outubro, que de seguido se transcriben.

2º.- Aprobación a programación das novas obras que se recollen como “Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa”, para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, durante o mes de novembro.

A) INFORME DE SITUACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE BIAL DOS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO.

O equipo técnico do BIAL informa á Xunta de Goberno Local das obras que se están a desenvolver nestes días que corren por parte do BIAL. Ademais, indícanse tamén as obras que se remataron no meses de setembro e outubro.

Instalación de duchas e sumidoiros na Praia do Vao.

- *Duración: dende o 16 de maio ata o 8 de setembro.*
A obra non se rematou no prazo porque houbo que construír unhas duchas a mais, executar as acometidas para a caseta da Cruz Vermella, e co mesmo persoal facer a obra "Canalización de alumeado público na Praia do Vao". Ademais, non se nos subministróu a madeira para executar as duchas na zona do paseo de madeira.
- *Descrición das tarefas executadas:*
Instalación, montaxe e posta en funcionamento de oito duchas.

Duchas en zona de paseo de madeira.

Excavación de base da ducha de 1,16x1,50 m.

Construción de oito pilotes a base de tubo de formigón de 300 mm de diámetro.

Colocación de 27,40 m de bordo de formigón.

Canalización de 78 m de tubería de PVC 110 mm de diámetro e de 6,40 m de 250 mm de diámetro instalada sobre gabia excavada no terreo.

Construción dunha arqueta areeiro de 80x80x80 cm.

Formación de estructura de madeira para base das duchas, con sistema igual ao existente. Construído con vigas de madeira (12x22cm) e tarima construída con táboa de (7x25cm). Dous tramos de medidas 5,65x1,30m e 6,00x1,35m, cun total de 15,45 m².

Instalación da Caseta de Cruz Vermella.

Canalización de 8 m de tubería de PVC de 110 mm de diámetro e coxos para desvíos, instalada nunha gabia excavada no terreo para o enganche de saneamento.

Acometida de auga con tubería de polietileno de 3/4" con enganche, conexións e chave de corte.

Construcción dunha arqueta de acometida de 40x40x40 cm.

Costrucción de rodeiras con xabre para o acceso da ambulancia á caseta.

Reparación das gradas do Auditorio do Parque de Castrelos.

- Tempo de execución estimado: dende o 18 abril ata o 31 de decembro (con interrupción nos meses de actuacións festivas).

- Descrición das tarefas executadas:

Arrexuntado de asentos de pedra das gradas, limpeza e preparación das xuntas para o seu posterior tomado. Realizáronse:

30 tramos de 26 m.

8 tramos de 12 m.

4 tramos de 3 m.

1 tramo de 97,35 m.

Aplicación de herbicida a toda a vexetación das gradas.

Eliminación de capa de terra vexetal e capa de vexetación de entre as gradas de pedra, de 50 cm de ancho medio, realizándose 30 tramos de 64,00 m e 3 tramos de 64,70 m.

Extendido, vertido e compactado dunha capa de 10 cm de xabre en corredoiras de gradas, executándose 30 tramos de 37 m, 12 tramos de 26,75 m e 3 tramos de 64,70 m.

Extendido, vertido e compactado de xabre en corredor inferior das gradas de 64,00 x 0,80 m.

Limpeza e retirada de entullos no foxo.

Reconstrucción de 9 tramos de 16 m, a base de perpiaños de pedra asentados sobre xabre compactado e posterior rexuntado con morteiro de cemento.

Reparación de perpiaños das gradas de 60 a 80 cm de lonxitude e 25 cm de espesor, consistente no levantamento e reasentamento de 92 uds. de pedra.

Limpeza, desbroce e retirada de entullos na zona acoutada ao carón do palco. Ademais, realizouse o extendido de xabre.

Limpeza e adecentamento do Sendeiro Panorámico de Vigo.

- Tempo de execución estimado: 2 xullo ata 31 decembro.

Amplíase o prazo de duración estimado inicialmente por ampliación dos traballos a realizar.

- Descrición das tarefas executada:

Limpeza de vexetación nos laterais nunha lonxitude 765 m.

Limpeza de entullos e todo tipo de lixos vertidos no sendeiro.

Retirado de dous camiións de escombros.

Dende o Parque de Beade ata a rotonda do CUVI.

Limpeza de vexetación nos laterais e retirada de entullos nunha lonxitude de 1.000 m.

Dende o Colexio Os Olmos.

Limpeza de vexetación nos laterais e apertura dun camiño de 315 m lonxitude e de 2 m de ancho.
Colocación de tubo en gabia e formigonado posterior para a construción de paso para peóns.
Instalación de dous pivotes de formigón par evitar o paso de vehículos.

Valadares a Monte Alba (Alba-Cepudo).

Limpeza de vexetación nos laterais do camiño.
Retirada dun camiión de entullos.

1 tramo de 40 m.

1 tramo de 256 m.

Camiño ata os Muiños da Maquia en Zamáns.

Limpeza de vexetación nos laterais do camiño.
Retirada de entullos.

Parque Forestal de Cotogrande.

Limpeza de vexetación nos laterais do camiño.
Retirada de entullos.

Zona de Parque do Carballal dirección Madroa.

Limpeza de vexetación nos laterais nun tramo de 3.000 m.
Retirada de dous camiións de escombros.

Zona do Freixo.

Limpeza de vexetación nos laterais nunha lonxitude 1.106 m.

Instalación de varanda na praia do Serral.

- Duración: dende o 18 xullo ata o 29 de Xullo. Rematouse definitivamente o 31 de setembro tras ser suministradas as varandas.

- Descrición das tarefas executadas:

Construción de suplemento aos muros de formigón existentes.

Operacións executadas: encofrado a dúas caras dos muros, formación de ancoraxes, colocación da ferralla, vertido e vibrado de 2,5 m³ de formigón e posterior desencofrado e repaso dos muros existentes con morteiro.

Construción e colocación de baranda de aceiro galvanizado en tubo de 50 mm de diámetro, e posterior pintado en cor branca. A baranda está composta de postes cada 2 m, pasamáns e dous tubos intermedios. Total 15,70 m.

Acondicionamento dos locais pertencentes á Base de Protección Civil en Vigo.

- Duración: dende o 4 agosto ata o 4 de setembro

- Descrición das tarefas executadas:

Lixado e pintado de 705,25 m² de paramentos horizontais e verticais de tódolos locais. Reparación de 0,25 m² de alicerzados en baños.

Construción de isleta na rúa Escultor Gregorio Fernandez.

- Duración: dende o 23 ata o 30 de setembro.

- Descrición das tarefas executadas:

Colocación de 23,80 m de bordo de formigón e de 23,80 m de lastro en formación de bordo.

Recheo de 2.20 m³ de grava drenante.

Recheo de 9.00 m³ de terra vexetal.

Pavimentado.

MES DE SETEMBRO.

Cabral:

Limpar pozo e facer caixa no novo cmño. Real.

Facer caixa, botar morrillo, regar e colocar salvagavias no novo cmño. Real.

Valadares:

Camiño Nanceles e explanar con zahorra o acceso ao Pavillón de Valadares.

Explanar con zahorra a entrada da Travesía da Estrada Regueiro.

Lavadores:

Formigonar e asfaltar a Trav. Do Cmño. Paz Pardo.

Asfaltar o Cmño. Paz Pardo.

Limpar o Cmño. Meixueiro.

Beade:

Limpar e asfaltar o Cmño. Alen.

Coia:

Preparar pista de petanca na Praza do Cristo da Victoria.

Facer caixa na Rúa Bda. Fonte dos Barros.

Estender zahorra e aglomerado e salar o Cmño. Fonte dos Barros e na Trav. da Rúa Rocío.

Alcabre:

Facer caixa e aglomerar a Rúa Suso Vaamonde Polo (cantaautor).

Lavadores:

Pasar o rodillo polo campo de fútbol do Meixueiro.

MES DE OUTUBRO.

Cabral:

Asfaltar e selar o novo Cmño. Real.

Limpar o Cmño. Fixón.

Candeán:

Limpar de terras a Rúa Rabadeira e o Cmño. Solombo.

Limpar o Cmño. Esqueiriña.

Limpar foxo na Rúa San Cristobo.

Limpar a Rúa Salgueiro.

Castrelos:

Recrecer o paso de peóns no Cmño. Telleira.

Selar xuntas na Rúa Mestres Goldar.

Centro:

Limpar e selar os accesos ao I.E.S. Manuel Antonio, na Avda. de Madrid.

Coruxo:

Limpar o Cmño. Guillade, en Fragoselo.

Lavadores:

*Limpar, formigonar, construír escalas e murete no Cmiño. Meixueiro.
Estender e pisar zahorra para construír aparcamento no Centro de Día da Rúa Ramón Nieto, en Lavadores
(Antigo Cuartel de Barreiro) e posterior acondicionado.*

Navia:

Aglomerar e selar o Cmiño. Quintela.

Saiáns:

*Facer caixa no acceso ao novo Colexio Infantil en Saiáns, na Baixada á Praia, 83.
Aglomerar e selar a Rúa Bravo en Navia.*

Bacheo.

MES DE SETEMBRO.

Lavadores:

*Cmiño. Fonte, Rúa Loureiro, en Cabral. Cmiños. Pedros e Pingüe, en Teis e Rúa Curros.
Rúa Curros, en Lavadores.*

Beadé:

*Asfaltar zanja na estrada Foxo, en Beade.
Levantar aglomerado na Estrada Foxo, en Beade.*

Coia:

*Cmiño. Cernades, en Cabral. Rúa Pardavila, en Lavadores e Rúa Rocío, en Coia.
Cmiño. Do Caramuxo e Rúa Cañiza. Rúa Rocío, en Coia.*

Coruxo:

*Cmiño. Cean e Estrada José Rivas, en Coruxo.
Cmiño. Cruceiro e Rúas: Castaña e Xavier Sensat. En Coruxo:*

Zamáns:

*Camiño Pitasia, en S. Andrés de Comesaña e cemiterio de Zamáns.
Estrada Marcosende, en Zamáns.
Estrada Igrexa en Vilaverde, Zamáns.
Teis:
Rúa Párroco Don Serafín, en Teis.
Botar pranchada na Rúa Roris, 76 en Teis
Camiño Padín, en Teis.*

Bembrive:

Rúa Corredoura en Castrelos e estrada San cibrán, en Bembrive.

San Miguel de Oia:

Cmiño. Longra e Avda. Cesáreo Vázquez, en Oia.

Bouzas:

Rúa Jacinto Benavente, (Casa do Mar) e na Alameda de Bouzas.

MES DE OUTUBRO.

Beadé:

Estrada do CUVI dende Beade. (Caramuxo).

Cabral:

Rúa Maceiriñas.

Castrelos:

Avda. de Castrelos, fronte ao Parque.

Centro:

Entrada de carruaxes da Rúa Zaragoza, 6. Paseo dos Cedros, no Castro e na saída coa Avda. das Camelias. Lepanto con Urzáiz. Luis Braille, 2. Avda. Arquitecto A. Palacios coa Avda. de Castrelos e Ourense con López Mora. Rúa García Barbón, diante do Hotel NH.

Lavadores:

Acceso á Avda. E. Martínez Garrido- Avda. de Madrid. Rúa Canteiros. Rúa Naia no cruce coa Avda. Alcalde de Lavadores. Foxo, na Rúa Manolo Martínez. Cmño. Sabaxáns.

Matamá:

Cmño. Simona coa Estrada Beirán e no cruce de Castrelos coa Rúa Canteiros.

Teis:

Toural e Robleda con Sanjurjo Badía. Rúa Párroco D. Serafín.

Valadares:

Rúa Dr. Antón Beiras e o acceso ao Colexio Andersen. Fabás e o Monte dos Pozos.

Zamáns:

Estrada San Cosme.

Reacondicionamento e pintado de vallas de obra.

- *Duración: dende o 21 de febreiro ata o final de ano.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Reacondicionamento das vallas de obra do Concello e posterior pintado das mesmas.

Estase a realizar no Parque Central de Servizos do Concello por todas aquelas persoas que nos poden realizar outro tipo de tarefas por impedimentos físicos.

Campaña de desratización.

- *Tempo de execución estimado: dende o 21 de febreiro ata finais de outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

MES DE SETEMBRO.

Realizouse esta campaña nas parroquias de: Canido, Coruxo, Teis e Matamá. E nas rúas Parachán, Ramón Nieto, Merlo e Porriño, na Madroa (Zoo) e Parachán.

MES DE OUTUBRO.

Realizouse esta campaña nas seguintes parroquias: Valadares, Teis e Coia. E nas rúas Ríos, Mestre Montes, San Roque, Mestre Chané, Montecelo Alto e Baixada a Mestre Chané.

Instalación de redes de rego no Parque do Castro e Castrelos.

- *Tempo de execución estimado: ata finais de novembro (amplíase o prazo para a execución de obras relacionadas coas xa realizadas).*
- *Descrición das tarefas executadas neste mes:*

MES DE OUTUBRO.

Parque de Castrelos:

Reparación de fugas na instalación de rego.

Abrir 100 m. de zanxas para instalación de tubería de rego.

Levantar arquetas antigas para colocar outras novas.

Axardinamento das isletas na rúa Baiona.

- *Duración: dende o 12 ao 22 de setembro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Intalación de rego:

Demolición de pavimento de asfalto para construción de gabia para acometida, nunha lonxitude de 75 m.

Instalación de:

Tubería de polietileno de 50 mm de diámetro 75 m.

Tubería de polietileno de 32 mm de diámetro 125 m.

14 aspersores.

Axardinamento da isleta Martínez Garrido.

- *Duración: dende o 07 ao 08 de setembro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Instalación de rego por goteo.

Limpeza e reapertura de gabias en Lavadores e Cabral.

- *Tempo de execución estimado: 3,5 meses.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

MES DE SETEMBRO.

Rematouse a limpeza e reapertura das gabias seguintes:

Parroquia de Cabral: Camiños: Fonte, Souto, Cernades, Toucedo, e Pardiñeiras.

Rúas: Lomba, Barreiro, Mestre Alfredo González Fernández, Subride e Figueiras.

Parroquia de Lavadores: Rúa Gandarón e Camiño Gandariña.

MES DE OUTUBRO.

Rematouse a limpeza e reapertura das gabias seguintes:

Parroquia de Cabral: Camiños: Toucedo, Felisa e Pardiñeiras.

Rúas: Subride, Rabadeira, Fontaiña e Figueiras.

Cambio de tendido eléctrico e novos puntos de luz.

- *Duración: dende o 2 maio ata o 3 de outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

MES DE SETEMBRO.

Instalación de 4 puntos de luz, nos barrios de Gontade e da Hermida, San Miguel de Oia.

Colocar poste e instalar punto de luz no camiño Vales e Cocheiros.

Colocar dous proxectores no Campo de Petanca Cristo da Victoria.

Colocar e embobinar farolas na Praza do Rei.

Cambiar luminarias en camiño Silval.

Cambiar luminarias, colocar ferraxes e facer conexión en praia de Canido.

Retirar luminarias antigas, colocar ferraxes montar novas e conectar. Estación de Canido.

Cambio de luminarias en San Paio, Camiño Freixeiro, Camiño Estación.

Tender liña, colocar luminarias, e conexión en Camiño Cerqueiro.

Retirar luminarias antigas, pasar liñas e conexión. Campo de fútbol do Monte da Mina.

Cambiar luminarias, colocar punto de luz en fachada, en camiño Sixtro.

MES DE OUTUBRO.

Instalación de 4 puntos de luz, nos barrios de Gontade e da Hermida, San Miguel de Oia.

Formigonar poste, tirar liñas e instalar punto de luz no camiño Figueiras, estrada dos Muiños.

Tender liña, colocar luminarias e conexión en Camiño Xistro e Pinguela .

Cambiar luminarias retirando as antigas e colocando outras novas, en camiño Oia, Cortada da Estación.

Aula formación no Parque Central. – Actividade incluída no Plan Formativo

- *Duración: dende o 18 xullo ata o 18 de outubro*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Formación de 46,90 m² de tabique de ladrillo colocado a tabicón.

Apertura de rozas para instalacións.

Enfoscado e pasteado de 91,14 m².

Chapado de fronte con terrazo de 6,35 m².

Emplastecido, preparación de paramentos e man de fondo de 132,00 m².

Instalacións efectuadas:

Instalación de Alumeado.

Instalación de Forza.

Preinstalación de Informática.

Preinstalación de Detección de Incendios.

Esmalte sobre carpintería metálica na porta de entrada de 1,50x2,05 m.

Esmaltado de guarnicións de madeira de fiestras de 8 cm de ancho e de 13,50 m de lonxitude.

Instalación de 81,60 m² de falso teito desmontable de planchas de fibra de madeira de 1.20x0.60 m

Pintura en paredes, man de acabado, nunha superficie total de 132,00 m².

Colocación de 81,60 m² de pavimento de tarima flotante, previa limpeza e eliminación de rebabas e pintura, e de fieltro geotextil.

Colocación de 40 m de rodapé de madeira maciza de sapelly.

Instalación e posta en funcionamento de 6 luminarias.

Esmaltado de 24 m de guarnicións de fiestra.

*Instalar encerado de 4x0.90 m.
Instalación de alumeado superior do encerado.
Últimos retoques de pintura.*

Construcción de xardín na entrada do VigoZoo, Praza dos Leóns.

- *Duración de 1ª fase: dende o 2 agosto ata o 4 de setembro. Pendente (a data deste informe) do suministro das prantas.*
- *Descrición das tarefas executadas:
Preparación do terreo para prantación de céspede, escarificado da terra con máquina escavadora mixta, retirada das pedras existentes e estendido e rastrelado da terra. Total de superficie traballada: 1.200,63 m²
Aplicación de herbicida para eliminación das herbas malas, mentras non se suministran as prantas.*

Construcción de beirarrúa na 1ª Travesía De Barreiro.

- *Prazo estimado de execución: dende o 2 agosto ata o 15 de novembro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Apertura de 143,75 m de gabias en roca para a colocación de tubo de PVC 315 mm de diámetro e posterior recheo con xabre.

Colocación de 102,75 m de tubo de PVC 110 mm de diámetro para canalización eléctrica.

Construcción de 7 bases de farol de formigón de dimensións 50x50x100 cm.

Construcción de 9 arquetas sumidoiro de 60x30 cm.

Realización de 10 m. de encofrado de beirarrúas.

Formación de 209,45 m² de beirarrúa de formigón fratasado.

Rebaixe de beirarrúa en paso de peóns.

Levantar e colocar 9,70 m de bordo de formigón.

Pavimento de 11,15 m² de terrazo de 40x40 cm de tacos redondos.

Construcción de 6,20 m de canle de formigón de 50 cm de ancho medio.

Tubo de desaugue, demolición de pavimento e formación de 1,70 m de gabia de 35x25 cm de sección.

Formación de 194,69 m² de beirarrúa de formigón fratasado.

Construcción de 18,00 m de gabia de saneamento de 95 cm de ancho e 180 cm de fondo.

Instalación de tubo PVC de 500 mm de diámetro e construcción de pozo de saneamento de 1,30 m de diámetro.

Realización de 30,00 m. de encofrado de beirarrúas.

Levantar unha tapa de pozo de saneamento, para adaptar a beirarrúa.

Demolición de 20,00 m² de pavimento de asfalto para base de beirarrúas.

Demolición de 2,00 de beirarrúas de formigón de 15 cm de altura.

Construcción de beirarrúa no estacionamento da Rúa O Grove (Coia). Detrás do INSS.

- *Prazo estimado de execución: dende o 3 agosto ata o 15 de novembro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Construcción de:

4 bases de farola de formigón de dimensións 50x50x100 cm.
5 arquetas sumidoiro de 50x50 cm. para canalización eléctrica.
5 arquetas sumidoiro de 60x30 cm.
2 arquetas de iluminación de 50x50 cm.

Recheo con xabre de 65 m² para base de beirarrúas.

Apertura de 32 m de gabias sobre formigón para a colocación de tubo de PVC 315 mm de diámetro e posterior recheo con xabre.

Demolición de muro de formigón para construción de gabia con posterior colocación de tubo de PVC de diámetro 300 mm e de dimensións 32,00x0,45x0,45 m.

Formación de 231,50 m² de beirarrúa de formigón fratasado.

Construción de rampa de minusválidos de 7,40x2,00x0,15 m e de muro de formigón de 15 cm de grosor de 0,64 y 2,80 m².

Ampliación de beirarrúa: Demolición de pavimento de asfalto (1,80x2,45 m). Construción de dous bordos de formigón de 2,45x0,12x0,15 m. Pavimento de baldosa de catro tacos (1.8x1.25 m), e rampa para rebaixe de (1.8x1.20 m).

Reposición de 16,20 m² de beirarrúa con pavimento de baldosa de catro tacos.

Construción de pozo de conexión á rede de saneamento de 80 cm de diámetro.

Formación de 171,05 m² de beirarrúa de formigón fratasado de 15 cm de espesor.

Construción de 3 banzos de formigón de dimensións 2,20x0,55x0,17m

Formación de 13,94 m² de muro de bloque rústico con xunta refundida e rampa de beirarrúa.

Reposición de 9,10 m² de beirarrúa con pavimento de baldosa de catro tacos.

Construción de 16,60 m de bordo de formigón prefabricado, asentado sobre soleira de formigón e tomado con morteiro de cemento.

Construción de 30,18 m² de soleira de formigón en base de beirarrúa de 12 cm de grosor.

Construción de 22,93 m² de pavimento de terrazo de 4 tacos.

Construción de rampa de acceso á beirarrúa sobre capa de morteiro e pavimento de terrazo de 40x40 (cor vermella) e tacos redondos de dimensión de 2.70 m²

Canalización eléctrica con tubo PVC corrugado de 110 mm, incluso apertura de gabia de 30x40 cm, previa demolición de soleira, e reposición de pavimento existente 9,35 m

Construción dunha arqueta acometida a cadro eléctrico de 50x50 cm.

Preparación de cemba, retirando pedras, rastrelando e posterior sementado de céspede, nunha superficie de 135,30 m². Colocación de 135,30 m² de malla para fixación de cemba.

Reposición de 6,00 m de bordo de formigón prefabricado, asentado sobre soleira de formigón e tomado con morteiro de cemento.

Zona de xardín fronte á rúa O Grove.

Retirada de 20,00 m³ de terra de xardín.

Demolición de bordo 25,00 m de formigón prefabricado e posterior construción de soleira de formigón.

Demolición de 100,00 m tubo de PVC de 150 mm e 200 mm de diámetro.

Adecantamento do Casco Vello:

- Duración: ata remate do programa.
- Descrición das tarefas executadas:

MES DE SETEMBRO.

Rúa Real:

Levantamento do pavimento existente e colocación das pezas de pavimento de granito seguintes:

8 uds. de 40x40x12 cm

35 uds. de 40x40x8 cm

Colexiata:

Levantamento do pavimento existente e colocación das pezas de pavimento de granito gris seguintes:

1 ud. de 38x64x10 cm

1 ud. de 40x50x15 cm

1 ud. de 54x50x15 cm

1 ud. de 65x63x15 cm

1 ud. de 40x97x15 cm

1 ud. de 68x60x15 cm

1 ud. de 68x49x15 cm

1 ud. de 40x69x15 cm

8 ud. de 50x50x15 cm

1 ud. de 50x50x5 cm

1 ud. de 90x38x5 cm

1 ud. de 83x48x5 cm

Banzo de 38x80x17 cm

Praza do Berbés:

Levantamento do pavimento existente e colocación de novo das pezas de pavimento de granito gris existente.

Zona da Colexiata.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud. de 50x50x5 cm

1 ud. de (90x38x5 cm)

1 ud. de (83x48x5 cm)

Banzo de 38x80x17 cm

Rúa Joaquín Yañez.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud. de 60x47 cm

1 ud. de 70x30 cm

1 ud. de 45x30 cm

1 ud. de 40x65 cm

1 ud. de 40x30 cm

1 ud. de 50x40 cm

1 ud. de 40x97 cm

1 ud. de 37x40 cm

1 ud. de 50x50 cm

Repasar xuntas do pavimento existente, desmontar e recolocar 4 pedras existentes.

Rúa Palma.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud. de (60x55 cm)

Rúa Triunfo.

Sellar fachada para evitar filtracións e rexuntar pavimento.

Rúa Oliva.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud.de (50x50 cm)

Desmontar e recolocar 5 pedras existentes.

Rúa Misericordia.

Desmontar e recolocar 2 arquetas existentes.

Praza Almeida.

Repasar xuntas do pavimento existente, e desmontar e voltar a colocar 3 pedras existentes.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud.de (86x40 cm)

Rúa Fernando Penzol.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud. de 45x47 cm

Praza Colegiata.

Repasar xuntas do pavimento existente.

Praza Estrella.

Desmontar e recolocar 6 pedras existentes.

Praza Princesa.

Repasar xuntas do pavimento existente, desmontar e recolocar 5 pedras existentes.

Desmontar e recolocar 2 arquetas existentes.

MES DE OUTUBRO.

Rúa Triunfo.

Selar fachada para evitar filtracións e arrexuntar pavimento.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud. de 50x60 cm.

Rúa Joaquín Yañez.

Levantar pavimento existente e colocar as pezas de pavimento granito:

1 ud. de 40x60 cm.

Rúa Real:

Levantamento do pavimento existente e colocación das pezas de pavimento granito e picar xuntas e rexuntar de novo.

1 ud. de 40x40 cm.

Rúa Aurora:

Levantamento do pavimento existente e colocación das pezas de pavimento granito e picar xuntas e arrexuntar de novo.

Tramos:

3,80x1,60 m

1,00x1,60 m

4,40x2,80 m

Construcción de rampa de acceso ao Centro Comercial de praza América R/Coruña.

- *Duración: dende o 22 de Agosto ata o 31 de setembro. Ampliase o prazo por mor de facer o xardín.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Demolición de beirarrúa existente de 14x1,00 m

Excavación de gabia para zapata de apoio de lousa de beirarrúa, de dimensións 14,00x0,30x0,30 m.

Armado e formigonado de zapata para apoio de lousa de beirarrúa de 14,00x0,30x0,30 m

Excavación de gabia para zapata de bordo de formigón de dimensións 13,15x0,30x0,30 m.

Construcción de zapata para bordo de formigón de dimensións 13,15x0,30x0,30 m.

Lousa de formigón para base de beirarrúa de dimensións 13,15x1,20x0,10 m.

Bordo de formigón de xardín de dimensións 13,15 m.

Excavación de gabia para zapata, armado e formigonado de dimensións 11,90x0,30x0,30 m.

Construcción de muro de bloque e formigón armado de 24,50 m².

Colocación de 45,38 m² de pavimento de baldosa branca en rampa.

Picado de recostido existente 7,32m².

Aplacado de muro de bloque con lousa de pedra irregular, acabado rústico 31,82 m².

Construcción de banzo de baldosa de terrazo.

5 Uds de 1,20x0,40x0,17 m.

1 Uds de 2,40x0,40x0,17 m.

Construcción de 32,25 m de bordo de adoquín de pedra.

Preparación de 5,00 m² de zona axardinada, retirando pedras, extendido de terra vexetal, restrelado e posterior sementado de céspede.

Rúa Castelao.

Reposición de beirarrúa, para o que se levantaron as baldosas existentes, construíuse unha nova sobre base de morteiro e colóuse de novo 18,49 m² pavimento de terrazo de 60x40 cm 18,49 m².

Canalización de augas pluviais, Gorxal.

- *Duración: dende o 5 ao 28 de setembro*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Limpeza e desbroce dunha zona de 20 m de lonxitude.

Construcción de zapata de formigón armado de 12,50x1,70x0,30 m.

Construcción de muro de formigón armado de 12,50x1,70x0,30 m.

Construcción de muro de bloques de formigón de 3,50x0,55x0,10 m.

Soleira de formigón en masa de 6,00x1,60 m.

Impermeabilización de 43,12 m² de cuberta de lavadeiro con pintura de clorocaucho.

Pintado de 172,42 m² de paramentos verticais e horizontais do lavadeiro.

Construcción e colocación de baranda de aceiro galvanizado en tubo de 50 mm de diámetro, e posterior pintado en cor branca. A baranda, cunha lonxitude de 7,10 m, está composta por postes cada 2 m, pasamáns e dous tubos intermedios.

Construcción de rampa de acceso ao Centro Comercial de Coia III.

- *Tempo de execución estimado: dende o 5 ata o 17 outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Excavación de gabia para zapata de bordo de formigón de dimensións 54,00x0,37x0,37 m.

Demolición de base de farol, e traslado de liñas.

Demolición de muro de formigón, coas medidas seguintes:

1,25x1,40x0,25 m

2,65x1,25x0,25 m

Excavación de caixa para ampliación de caixa de escaleiras, dimensións 2,65x1,25x1,40 m.

Excavación con pala Mixta de rampa de 28,35 m³.

Construcción de muro de bloque e formigón armado de 16,81 m².

Construcción de muro de formigón armado incluso encofrado e posterior vibrado de 13,13 m².

Formación de 15,75m² de soleira de formigón e acabado fratasado.

Base de farol de 80x80x80 cm construído en formigón, colocación deste e posterior conexión.

Colocación de 26,50 m de bordo de formigón. Extendido 10,47 m² de capa de 10 cm de xabre en paso.

Construcción de 7 banzos de formigón de 0,50x0,30x0,17 m.

Colocación de pavimento de baldosa de 30x30 en rampa de 46,90 m².

Enfoscado de 18,08 m² de muros de bloque e formigón.

Ampliación de beirarrúa:

Demolición de bordo 5,50 m de formigón.

Demolición de pavimento de terrazo e formación de capa de morteiro de 7.80 m².

Pavimento de baldosa 25x25 en rampa de 7,80 m².

Formación de rampa para acceso ao centro comercial dende beirarrúa inferior.

Demolición de 1,80 m de chanzo de pedra.

Demolición de 4,86 m² de pavimento de terrazo para a formación de base.

Formación de 4,86 m² de rampa, base de formigón e pavimento construído con morteiro de cemento e terrazo igual ao existente.

Construcción de rebaixes nas beirarrúas da rúa Doutor Corbal.

- Tempo de execución estimado: dende o 1 de setembro ata o 20 de outubro. Ampliase o prazo previsto de execución por mor de estar sen suministro de terrazo durante máis dunha semana.
- Descrición das tarefas executadas:

Varanda da Igrexa.

Reparación de 7 postes de varanda de 110x20x20 cm, consistente en:

Trades na pedra, colocación de barilla roscada e posterior tomado con resina Epoxi. Reposición de pavimento de terrazo, previamente demolido para practicar trade e colocar barilla.

Colocar tapa de fundición de 50x50 cm.

Rampa fronte ao nº 24

Modificación das tapas de 2 arquetas sumidoiro de 50x50 cm e desvío da zona do sumidoiro.

Construíronse dúas rampas nas que se levantaron o bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das rampas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe de 3,60 m e 4,60 m sobre base de formigón e recolocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 3,42 m² e 4,60 m²

Rampa no cruce a rúa Oliveira.

Modificación das tapas de 2 arquetas sumidoiro de 50x50 cm e desvío da zona do sumidoiro.

Construíronse dúas rampas nas que se levantaron o bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das ramplas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe 4,00 m e 4,60 m sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 5,40 m² e 7,56 m²

Rampla fronte ao nº 33

Construíronse dúas rampas consistindo en levantar de bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das rampas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe 2,90 m e 3,30 m sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 3,72 m² e 3,31 m².

Rampa fronte o N° 16

Construíronse dúas ramplas consistindo en levantar de bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das ramplas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe 5,00 m sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 4,38 m² e 3,75 m².

Rampa fronte ao n° 51 'O FREIXIÑO'.

Construíronse dúas rampas nas que se levantou o bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das ramplas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe 6,60 m e 3,30 m sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 5,46 m² e 2,50 m².

Outras rampas.

Construíronse catro rampas nas que se levantou o bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das rampas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo:

Dimensións:

120x60 cm.

90x60 cm.

160x40 cm.

450x125 cm.

Rampa ao carón do n° 79

Construíronse dúas rampas nas que se levantou o bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das rampas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe de 2,90 y 3,00 m sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 3,12 m² e 4,18 m².

Rampa oa carón do n° 85

Construíronse dúas rampas nas que se levantou bordo de formigón e a baldosa existente nas zonas das rampas, colocándose de novo xa adaptado o rebaixe de 5,00 y 5,40 m de lonxitude sobre base de formigón e colocación de novo pavimento previo formigonado da soleira, capa de morteiro e pavimento de terrazo 4,77 m² e 6,21 m².

Acondicionamento e pintado da Aula do Parque Infantil no Parque do Castro.

- Duración: dende o 27 ata o 30 de setembro.
- Descrición das tarefas executadas:

Lixado e pintado de 78,16 m² de paramentos verticais de tódolos locais.

Reparación de pintadas e pintura do local para aula de Trafico no parque do Castro.

Executada entre o 19 e o 31 de outubro.

Eliminar pintadas en aula e entrada de entrada, e posterior lixado e pintado de paramentos verticais de tódolos locais (116,25 m²).

Eliminar pintadas en portas de madeira, e posterior lixado e esmaltado (9,80 m²).

Eliminar pintadas en portas de entrada de aluminio (1,85 m²).

Acondicionamento e pintado de varanda nos campos de Futbol da praia do Vao.

- *Tempo de execución estimado: dende o 1 de setembro 14 de outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Soldado para reconstrución de tramos aproveitados doutro campo, e posterior colocación sobre base de formigón.

Tramo composto por dous postes de tubo 50x50 mm e 1,450 mm de altura, pasamáns de tubo de 50x50 mm e 5.000 mm de lonxitude. En total 12 tramos.

Acondicionamento do Aulario do VigoZoo.

- *Tempo de execución estimado: dende o 1 de setembro ata o 14 de outubro*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Reparación de ventanales de madeira de teka, consistente en:

Primeiro.

Protección da madeira:

Limpeza e lixado do soporte.

Aplicación de tapaporos.

Lixado e aplicación de dúas mans de verniz para exteriores.

Dimensións da carpintería.

Fiestras:

2 ud. de 300x257 cm

1 ud. de 285x253 cm

1 ud. de 80x253 cm

2 uds. de 300x316 cm

1 ud. de 50x215 cm

Porta de entrada.

1 ud. de 280x320 cm

Construción de 5,00 m² tabiques de ladrillo a tabicón.

Por mor da gripe aviar a obra está parada dende o 21 outubro, para poder aplicar as medidas preventivas indicadas polo servizo de Prevención de Riscos do Concello.

Construción de beirarrúas fronte o CEIP Josefa Alonso (Rúa Manuel de Cominges, Matamá).

- *Tempo de execución estimado: dende o 10 de outubro ata o 09 de decembro. Pendente das resolucións das cesións.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Rebaixe de beirarrúas:

Beirarrúas na zona colexio:

Demolición de soleira de formigón, 2,70x1,20 m

Construción de rebaixe en formigón fratasado de 2,70x1,20 m

Beirarrúas no lateral esquerdo.

Demolición de bordo de formigón 10,67 m.

Demolición de pavimento de terrazo e a capa de morteiro 9,80 m².

Modificación de dúas tapas de arquetas de 50x50 cm.

Colocación de 10,67 m de novo bordo de formigón para formación de pendentes.
Capa de 9,80 m² de morteiro de 5 cm de grosor.
Formación de pavimento de terrazo e capa de morteiro de 9,80 m².
Demolición de 4,60 m de bordo de formigón.
Demolición de 4,64 m² de pavimento de terrazo incluso capa de morteiro.
Colocación de 4,60 m de novo bordo de formigón para formación de pendentes.
Formación de 4,64 m² de capa de morteiro de 5 cm de grosor.
Colocación de pavimento de terrazo e formación de 4,64 m² de capa de morteiro.

Construcción dunha rampla de acceso na rúa Tui.

- Tempo de execución estimado: dende o 19 ata o 24 de outubro
- Descrición das tarefas executadas:

Picar o pavimento existente con martelo picador e repor pavimento de baldosas catro tacos de 25x25 cm.
Superficie total 3,05x2,30 m.

Construcción dunha soleira na Escola Obradoiro Vigomar.

- Tempo de execución estimado: dende o 28 de outubro ata o 18 de novembro.
- Descrición das tarefas executadas:

Demolición de 63,00 m² de soleira de formigón existente de 12 cm de altura media.

Acondicionamento dun local de Información Xuvenil, na rúa López de Neira.

- Tempo de execución estimado: dende o 20 de outubro ata finais de febreiro.
- Descrición das tarefas executadas:

Limpeza de 332,00 m² de pedra, con chorro de auga, dos morteiros antigos en calquer tipo de paramento consistente en: 1) Limpeza paramento; 2) Proxección de auga a presión controlada por maquinaria apropiada eliminando residuos de obra, pó, ..., ata unha limpeza total, con uso de medios auxiliares ata 10 m de altura.

Construcción dun xardín na Rúa Caldas de Reis.

- Tempo de execución estimado: dende o 6 ata o 26 de outubro
- Descrición das tarefas executadas:

Aplicar herbicida, e posterior preparación do terreo: remover a terra e limpar pedras, ademais de retirar escombros. A superficie total é de 90 m².

Acondicionamento e pintado das xardineiras na Praza de Compostela.

- Duración: dende o 24 ata o 31 de outubro.
- Descrición das tarefas executadas:

Reconstrucción de bordos de zona axardinada, consistindo en: tomado en varias zonas do bordo de pedra, esmaltado de enreixado de 40 cm de altura, previo soldadura en tramos cortados.

Medición:

Fonte 21,30 m.

Xardineiras:

6 uds. de 55 m.

2 uds. de 45 m.

Apoio á construción dunha beirarrúa ao carón das dependencias da Policía Local no Concello.

- *Tempo de execución estimado: dende o 7 de outubro*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Construcion de 37,26 m² de beirarrúa, demolición de pavimento existente, colocación de bordo de formigón asentdo sobre soleira de formigón. Formación de pavimento de terrazo sobre soleira de formigón, e posterior asentado de terrazo sobre capa de morteiro. Ademais, da realización de rebaixes en acceso de oficinas.

Formación de 6,00 m² de pavimento de adoquín vermello en entrada de garaxes.

Acondicionamento e pintado das barandas da ponte da Rúa Progreso.

- *Duración: dende o 28 de outubro ata o 3 de novembro*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Aplicáronse imprimación anticorrosiva, previo lixado da superficie, e esmalte de cor Gris forxa, sobre baranda composta de tubo de aceiro de 60 mm de diámetro.

Tramos: 16 Ud de 1,50 m de lonxitude.

2 Ud de 4,15 m de lonxitude.

2 Ud de 4,10 m de lonxitude.

B) ANEXO DE OBRAS PROPOSTAS POLO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA. BIAL.

De acordo coas xuntanzas mantidas e as peticións dos distintos departamentos, dende o programa BIAL propomos iniciar no mes de novembro as seguintes obras:

- *Construcción de rampla para a pista de deportes na rúa Cañiza.*

Construcción de rampla de formigón para acceso á pista de deportes siutada na rúa Cañiza.

Tempo estimado de execución: 1 semana.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Construcción de beirarrúa no Camiño Devesa (Candeán).*

Construcción de berirarrúa de formigón (no entorno da A.VV. de Candeán) de 1,80 m de ancho, xunto ao aparcamento.

Tempo estimado de execución: 4,5 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Tratamento antixilófogos no Museo “Quiñones de León”.*

Realización, en cooperación co servizo de D.D.D., do tratamento antixilófogos das obras e instalacións deste museo, para que este esté pechado ao público o menor tempo posible.

Tempo estimado de execución: 4 semanas.

Departamento solicitante: Museo “Quiñones de León”.

- *Construcción de beirarrúa na Avda. Fragoso Interior.*

Construcción de beirarrúa nesta rúa con baldosa e canalización de pluviais.

Tempo estimado de execución: 2,5 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Construcción de beirarrúas en Portoloureiro-Castrelos.*

Construcción de beirarrúa de formigón con canalización de pluviais.

Tempo estimado de execución: 2 semanas.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

- *Axardinamento de zona verde na confluencia de Martínez Garrido e rúa Gaivota.*

Axardinamento con instalación de rego desta zona verde.

Tempo estimado de execución: 6 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

10(1548).- RECTIFICACIÓN DE IMPORTES NOS GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL APROBADOS POLA XUNTA DE GOBERNO DO 7.11.05.

Con data 7.11.05 a Xunta de Goberno local, de conformidade co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral do 31.10.05, aprobou os gastos de locomoción do persoal municipal para incluír na nómina do mes de novembro de 2005.

Con data 9.11.05 o técnico de Intervención, emite o seguinte informe:

Foi detectado un erro de impresión nos gastos de locomoción do persoal municipal que se van incluír na próxima nómina de novembro de 2005, de tal xeito que se deben imputar como indemnizacións por desprazamento do citado mes os seguintes importes, aos servizos que se relacionan de seguido:

Cemiterios: 136,34 €

Museos: 45,39 €

Participación Cidadá: 43,35 €

De tal circunstancia, deberá tomar conta a Xunta de Goberno na próxima sesión que realice.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda rectificar o acordo do 7.11.05 polo que se aproban os gastos de locomoción do persoal municipal para incluír na nómina do mes de novembro, corrixindo os seguintes importes:

- Servizo de Cemiterios: aboar a cantidade de 136,34 € no canto de 141,61 € que figura por erro no acordo.
- Museos: aboar a cantidade de 45,39 € no canto de 57,12 € que figura por erro no acordo.

- Servizo de Participación Cidadá: aboar a cantidade de 43,35 € no canto de 360,61 € que figura por erro no acordo.

11(1549).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL. EXPTE. 70887/210.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 8.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación da asistencia técnica para a elaboración do Plan de Emerxencia Municipal (PEMU) do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 6.10.05 certifica que durante o prazo sinalado anuncio publicado no DOG nº 180 (19.09.05) e no BOP nº 181 (20.09.05), presentáronse as seguintes proposicións: 1) Eulen Seguridad S.A., 2) ITSEMAP, Servicios Tecnológicos Mapfre S.A., 3) Belt Ibérica S.A., 4) Grupo MGO S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 10.10.05 procedeu á apertura da documentación administrativa, admitindo todas as propostas, e posteriormente procedeu á apertura da oferta económica, acordando, ante a presunción de temeridade da oferta presentada por Itsemap, Servicios Tecnológicos Mapfre S.A., iciniar procedemento para determinar a existencia ou non da mesma.

En sesión da Mesa de Contratación do 17.10.05, dáse conta do escrito presentado por Istemap, Servicios Tecnológicos Mapfre S.A. para xustificar a baixa temeraria, acordando a Mesa solicitar informe do Servizo de Mobilidade e Seguridade sobre a xustificación presentada, que foi emitido polo xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, do 2.11.05.

A Mesa de Contratación en sesión do 7.11.05, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Belt Ibérica, S.A. a asistencia técnica para a contratación da redacción do plan de emerxencia municipal por un importe de 55.440 euros por terminal. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.08.2005 e a oferta presentada.

12(1550).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA O SUBMINISTRO DE MOTOCICLETAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33210/212.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 8.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación da subministración de motocicletas para a Policía Local do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 6.10.05 certifica que durante o prazo publicado no DOG nº 180 (19.09.05) e no BOP nº 181 (20.09.05) presentáronse as seguintes proposicións: 1) Angel Leiros Motor S.L., 2) Mopavi S.L.U.

A Mesa de Contratación en sesión do 10.10.05 procedeu á apertura da documentación administrativa, concedendo un prazo de 3 días para subsanar erros na mesma.

En sesión do 17.10.05 a Mesa de Contratación, subsanados os erros na documentación administrativa, procedeu á apertura da oferta económica, pasando as propostas a informe do xefe do Parque Móbil, que foi emitido con data 3.11.05, proponendo como adxudicataria á empresa MOPAVI S.L.

A Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a pospota que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Mopavi, S.L. o subministro de 6 motocicletas para a Policía Local por un prezo total de 70.525 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.08.2005 e a oferta presentada.

13(1551).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA O SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33209/212

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 8.08.05 acorda aprobar o expediente para a contratación mediante procedemento negociado da subministración de vehículos para a Policía Local do Concello de Vigo.

Con data 26.09.05 a Xunta de Goberno local declara deserto o procedemento negociado por non se ter presentado ofertas á licitación e modifica o prego de condicións técnicas para proceder novamente á contratación por procedemento negociado.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 24.10.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentouse unha única proposta: Comercial Automoto S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.10.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitíndoa e pasándoa a informe-proposta do Servizo do Parque Móbil, que foi emitido polo xefe de dito Servizo con data 3.11.05 propoñendoa como adxudicataria.

En sesión do 7.11.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Comercial Automoto, S.L. a subministración de vehículos para a Policía Local por un importe de total de 97.300 euros que se desglosa da forma seguinte: 12.713 euros corresponden ao vehículo escolta; 18.404 euros corresponden ao vehículo de inspección; 25.544 euros corresponden ao vehículo patrulla con mampara e 40.635 euros corresponden aos 2 vehículos patrulla sen mampara. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.08.2005 e 26.09.2005 e a oferta presentada.

14(1552).- RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO SOBRE A RECLAMACIÓN DE D^a. CONSUELO VÁZQUEZ ASTRAY DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 134/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 09.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES :

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 20 de xuño de 2005, resolveu estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Consuelo Vázquez Astray, en nome e representación da comunidade de propietarios do edificio sito na Rúa Bayona nº 11, polos danos sufridos no muro de peche do mesmo ó ser derribado polo camión do lixo ó manipular un colector; e imputarlle a responsabilidade dos danos a entidade mercantil Fomento de Construcións e Contratas S.A., empresa concesionaria do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, de conformidade co establecido na letra c) do apartado 2 da cláusula XXI do Texto Refundido do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a concesión do devandito servizo público e nos artigos 97 e 161. c do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño , debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 700 €.

Segundo.- Dna. Consuelo Vázquez Astray, en nome e representación da comunidade de propietarios do edificio sito na Rúa Bayona nº 11, , mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de xullo de 2005, interpón recurso de reposición contra a mencionada Resolución da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño do mesmo ano, que lle foi notificada en 14 de xullo.

Terceiro.- D. Guillermo de Cal Alonso, en nome e representación da entidade Fomento de Construcións e Contratas S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de agosto de 2005,

tamén recorre en reposición a resolución da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2005, que lle foi notificada en 13 de xullo.

- FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- A Sra. Vázquez límitase a impugnar o importe fixado como indemnización para a reparación dos danos no muro, en base a que a doutrina legal establecida polo Tribunal Supremo determina que “la indemnización por responsabilidad patrimonial de la Administración debe cubrir los daños y perjuicios sufridos hasta conseguir la reparación integral de los mismos” e a que no informe do arquitecto municipal, de data 15 de decembro de 2004, no que se fixa o importe de reparación do muro, faixe referencia a dificultade de atopar persoal cualificado para fabricar as celosías rotas. No entanto, dificultade non implica imposibilidade, polo que non se atopa xustificación para aceptar o presuposto presentado pola reclamante no feito de que sexa difícil atopar un profesional para a reposición da celosía danada. Así mesmo, se ben a recorrente manifesta que os presupostos aportados refírense exclusivamente á substitución das celosías rotas e non a restauración do muro na súa totalidade, o certo é que no presuposto de Reparacións e Reformas Ramón Borrajo presentado, constan partidas para demolición, subministro e colocación de celosía e pasamans e para pintado na totalidade do mesmo, e na primeira parte deste presuposto, que refírese exclusivamente á demolición, subministro e colocación de celosía e pasamans e pintado na parte do muro afectado, establececese un importe para estas partidas de 691,17 €, contía que coincide coa fixada polo arquitecto municipal.

Segundo.- O Sr. De Cal alega que non existe responsabilidade algunha imputábel a súa representada, toda vez que no parte de incidencias que a mercantil remite diariamente ó Concello e no parte de traballo do día do accidente consta que ningún camión de lixo manipulou o colector situado á altura do nº 11 da rúa Baiona, e procede a analizar a proba testemuñal practicada, impugnando a veracidade da mesma en base os seguintes razoamentos:

- Na imposibilidade de que o camión podese acceder a unha zona onde estaban asfaltando e estaría cortado o tráfico rodado, porque a testemuña manifestou que atopábase dentro do seu vehículo, aparcado enfrente de onde estaban asfaltando. Máis, dado que era de noite, é presumíbel que a testemuña referírase o feito de que estaban asfaltando a zona, máis non nise intre.
- Duda da sinceridade dunha testemuña que mantén lazos de amizade cunha das veciñas do inmovible afectado.

O Sr. De Cal límitase a impugnar a proba testemuñal baseándose en simples conxeturas, non aporta proba ningunha que desvirtúe a mesma, e ademáis este non é o intre procesal oportuno para valorar a testifical practicada posto que ó finalizar o expediente concedéuse trámite de audiencia á mercantil que representa e no devandito trámite non fixeron reparo algún á mesma.

Terceiro.- Consonte o artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante ó mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar os recursos de reposición interpostos por Dna. Consuelo Vázquez Astray, en nome e representación da comunidade de propietarios do edificio sito na Rúa Bayona nº 11, e D. Guillermo de Cal Alonso, en nome e representación da entidade Fomento de Construcións e Contratas S.A., en datas 22 de xullo e 11 de agosto de

2005, respectivamente, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1553).- RECLAMACIÓN DE D^a. HERMOSINDA MÉNDEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14769/240. ESTIMADA, RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Hermosinda Méndez González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de xaneiro de 2002, no que expón que o día 18 de decembro de 2001, esvarou por mor dunha rotura de tubería no Camiño do Souto que xa fora denunciada o 14/12/2001, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/02/2002, que tras xirar visita de inspección ocular, manifesta que na data do informe o camiño do Souto está pavimentado con formigón, atopándose o firme en perfecto estado e que recentemente realizáranse obras de reparación dunha liña de abastecemento de augas.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC (antes Seragua), empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de data 28/11/2002, no que manifestan que acudiron ó lugar dos feitos tanto o día 14 como o 18 de decembro, que na primeira visita o persoal desprazado ó lugar, salvo erro ou equivocación na localización do lugar, non detectou ningunha fuga na rede e que da segunda fixeron a reparación de forma inmediata na acometida de abastecemento.*
- *Informe da Oficina Técnica do Inventario municipal, de data 13/11/2003, que confirma que o Camiño do Souto é de titularidade municipal.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 7.249,03 euros.*
- *Proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, en data 02/06/2005, que confirman os feitos alegados pola Sra. Méndez.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 22/07/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 15/07/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de xullo de 1990, outorgou concesión administrativa deste servizo público á Unión Temporal de Empresas Seragua -FCC, S.A.(agora Aqualia-FCC, S.A).

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de augas, xa que o accidente debeuse a existencia no Camiño do Souto de auga procedente dunha fuga na rede de abastecemento, feito recoñecido pola empresa no seu primeiro informe de data 28/11/2002, no que manifestan que acudiron ó lugar dos feitos ó seren avisados o día 14 de decembro de 2001, aínda que o persoal desprazado ó lugar, salvo erro ou equivocación na localización do lugar, non detectou ningunha fuga na rede, e que tras novo aviso, en data 18 de decembro de 2001 procederon a reparación da acometida de abastecemento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como

sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

En trámite de audiencia a Sra. Méndez manifesta a súa disconformidade coa valoración médica efectuada polo Dr. Guillén a instancia desta Administración, e procede a cuantificar ós seus danos en 16.183,18 euros, correspondentes a 199 días de baixa impeditiva e as secuelas de perda de forza na mán e de pulso doloroso, secuelas que aparecen recollidas no informe pericial aportado por ela. Para xustificar estes extremos achega a seguinte documentación médica: o informe de asistencia en urxencias do día do accidente e informes de consulta do Servizo de Traumatoloxía do Hospital Meixoeiro, de datas 21/12/01, 04/01/02 e 25/01/02, data esta na que se lle retira o yeso, e de 04/07/02, data da alta médica. A informante estima que, revisada esta documentación, compróbase que efectivamente o período de sanidade das súas lesións foi de 199 días, dos cales, dada a natureza da súa lesión, temos que considerar impeditivos os 39 primeiros en que a reclamante permaneceu co seu pulso enxesado e o resto non impeditivos, posto que non constan no expediente informes que mostren a evolución das súas lesións nin consta que perante este tempo estivese impedida para o desempeño das súas ocupacións habituais. Por outra banda, no informe de alta médica, o Dr. Polledo non fai constar a persistencia de secuelas, polo que non está xustificada a reclamación das mesmas. Polos días impeditivos correspóndelle unha indemnización de 1.786,59 euros e polos días non impeditivos, de 3.947,20 euros, o que fai un total de 5.733,79 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Hermosinda Méndez González.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 5.733,79 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1554).- RECLAMACIÓN DE D^a. ELISA MANUELA FUENTES CAMPAÑÓ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 261/243. ESTIMADA, RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 10.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Elisa Manuela Fuentes Campañó presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de xullo de 2004, no que expón que o día 10 de febreiro de 2004, camiñando pola rúa Urzáiz, tivo unha caída na zona de obras do aparcadoiro subterráneo levadas a cabo por Dragados, entre as rúas Lepanto e Cervantes, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da empresa de construción que realizaba a obra Dragados, con data 12/08/2004.
- Informe da Policía Local, de data 06/09/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.860,90 euros.
- Proba testifical, en data 17/06/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os feitos alegados pola Sra. Fuentes e declara que esta caeu nunha chapa de madeira que tiña os bordos levantados.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción e explotación do aparcadoiro de Urzáiz, que formula alegacións con data 18/07/2005.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 28/07/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsable do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A caída da Sra. Fuentes, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos, prodúcese por mor dun tropezón co bordo levantado dunha chapa de madeira habilitada para o tránsito de peóns. A beirarrúa atopábase en mal estado de conservación a consecuencia das obras de construción do aparcadoiro soterráneo da rúa Úrzaiz, obras das que era titular a Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A, na súa calidade de titular

da concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación do devandito aparcadoiro, en virtude de acordo plenario de data 15 de abril de 1999.

O Prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos para vehículos no subsolo da rúa Úrzaiz e na Praza da Independencia, na cláusula XII.2.c) establece como obriga do concesionario “Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou traballos obxecto de construción de aparcamento e dos derivados da explotación, ou a propia Administración municipal ...”. Así mesmo, os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Elisa Manuela Fuentes Campañó.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Eloymar/ Tranvías eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción e explotación do aparcadoiro da rúa Urzáiz, de conformidade co establecido na cláusula XII.2.c) do prego de condicións administrativas particulares que rexe a devandita concesión, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 1.860,90 euros .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1555).- RECLAMACIÓN DE Dª. NIEVES RODRÍGUEZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 414/243. ESTIMADA, RESPONSABLE A UTE ELOYMAR-TRANVÍAS ELÉCTRICOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 15.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Nieves Rodríguez Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de novembro de 2004, no que expón que o día 07 de abril de 2004, mentres camiñaba pola rúa Manuel Núñez, tivo unha caída á altura dos números 1 e 3, por mor dunhas lousas mal colocadas, caíndo e producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 07/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/01/2005, no que manifestan que a zona do accidente viuse afectada polas obras de construción do aparcadoiro de Urzáiz, promovidas pola U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo e executadas pola empresa Dragados; así mesmo, manifestan que xa requiriran á promotora que mellorase a seguridade da zona.
- Práctica de proba testifical, con data 16/03/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os feitos alegados pola Sra. Rodríguez.
- Informe da empresa construtora Dragados, con data 15/04/2004, que alega que a zona de actuación das obras non chegaba ó lugar onde a Sra. Rodríguez tivo a caída.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 20/04/2005, que confirma que as obras afectaron o lugar do accidente da Sra. Rodríguez, o que se aprecia na fotografía achegada pola reclamante e no plano que proporcionan.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.902,83 euros.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 06/10/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como

consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A caída da Sra.Rodríguez, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos, prodúcese por mor da falta dunha louseta na beirarrúa. A beirarrúa atopábase en mal estado de conservación e faltábanlle varias lousetas a consecuencia das obras de construción do aparcadoiro soterráneo da rúa Úrzaiz, obras das que era titular a Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A, na súa calidade de titular da concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación do devandito aparcadoiro, en virtude de acordo plenario de data 15 de abril de 1999.

O Prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión administrativa para a redacción dos proxectos, construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos para vehículos no subsolo da rúa Úrzaiz e na Praza da Independencia, na cláusula XII.2.c) establece como obriga do concesionario “Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou traballos obxecto de construción de aparcamento e dos derivados da explotación, ou a propia Administración municipal ...”. Así mesmo, os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Nieves Rodríguez Pérez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Eloymar / Tranvías eléctricos de Vigo, empresa concesionaria da construción e explotación do aparcadoiro da rúa Úrzaiz, de conformidade co establecido na cláusula XII.2.c) do prego de condicións administrativas particulares que rexe a devandita concesión, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 5.902,83 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1556).- RECLAMACIÓN DE D. ÁNGEL MARCIAL ROMÁN COMESAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15811/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 14.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Ángel Marcial Román Comesaña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de febreiro de 2003, no que expón que o día 18 de febreiro

de 2003, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, á altura do número 136, engançou e rompeu o pantalón nuns valos metálicos que protexían as obras que se realizaban na zona, polo que reclama os danos materiais provocados á súa prenda de vestir así como protesta polo comportamento do encargado das obras.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/09/2003, no que manifestan que a empresa construtora das obras era Construcciones Crespo e que estas estiveron valadas en todo su perímetro con valos en perfecto estado de conservación.
- Informe da empresa Construcciones Crespo, con data 09/03/2004, no que se excusan polo comportamento do empregado encargado das obras.
- Informe do servizo da Policía Local, con data 17/06/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 15/09/2004, manifestando que a empresa Construcciones Crespo era responsábel das obras de humanización da rúa Urzáiz.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 27/09/2004, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que o reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.

O reclamante non probou os feitos nos que basea a súa reclamación, limitouse á presentación dunha factura de compra dun pantalón, pero non achega ningunha outra proba que corrobore o feito da rotura do seu pantalón e que a causa da rotura fora o enganchalo nun valo de sinalización dunha obra municipal, polo que a informante

conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación formulada por don Ángel Marcial Román Comesaña por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados nin os feitos nin o nexo de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1557).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA NIEVES MARTÍNEZ DACOSTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16414/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 11.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Nieves Martínez Dacosta presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de xullo de 2003, no que expón que tropezou cun sumidoiro coa tapa afundida, na avenida Alcalde Gregorio Espino, á altura do número 41, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de outubro de 2003, no que manifestan que a tapa do sumidoiro existente en Gregorio Espino nº 41 se atopaba fóra de rasante.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 951,57 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, empresaconcesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 06/07/2004.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 09/08/2004.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 13/07/2005, que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por

estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos feitos, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos.

Da presentación do parte de asistencia médica no Servizo de Urgencias do Hospital Meixoeiro dedúcese que a Sra. Martínez sufríu determinados danos, pero non demostra en modo ningún, nin o feito da caída, nin o lugar da mesma. Dado que non existen testemuñas presenciais do accidente, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Desestimar a reclamación de dona M^a Nieves Martínez Dacosta por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1558).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO RAIMUNDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 129/243. ESTIMADA, RESPONSABLE CESPA S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 09.11.05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Antonio R. Rodríguez Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de marzo de 2004, polos danos materiais sufridos no vehículo de súa propiedade, matrícula PO-8535-BP, o día 19 de xaneiro de 2004, cando ó circular co mesmo D. Juan Diego Barreiro Rodríguez pola avenida de Samil, na zona do estacionamento, introduxo as rodas nunha focha existente na vía.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, con data 19/01/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Barreiro relátalles como introduciu a roda do vehículo do Sr. Rodríguez nunha focha que se atopaba cuberta de auga cando circulaba pola zona de estacionamento; así mesmo, comprobaban a existencia da focha e dos danos existentes no vehículo.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/11//2004, manifestando que a focha pertence ó oco dunha árbore que estivera plantada alí.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 25/11/2004, establecendo que “dos danos deberá responder a empresa concesionaria CESPA S.A., de acordo co punto 19 apartado C do Prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes”.*
- Informe do Parque Móbil, de 08/02/2005, comunicando que “os prezos contidos na factura nº T/90/2004 de Talleres Couñago, S.L., por un importe de 833,80 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos”.*
- Informe da entidade mercantil Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de data 10/03/2005, alegando que “esta empresa no se considera responsable de los hechos, puesto que es el departamento de Parques y Jardines de ese Concello el que nos ha de suministrar la reposición del arbolado en tiempo y forma”.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 13/04/2005, no que o técnico informante, á vista das alegacións de Cespa no seu informe de 10/03/2005, manifesta que “deberá ser a empresa CESPA a que poña barreiras ante calquera deficiencia que poida afectar o uso das zonas a manter en evitación de perigos añadidos”.*
- Evacuase trámite de audiencia á empresa Cespa, con data 18/04/2005, que non formula alegacións.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 11/05/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de catro anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

No expediente, do oficio instruído pola Policía Local con ocasión do accidente, dedúcese que a causa eficiente dos danos do vehículo do Sr. Rodríguez, foi a existencia dunha fochanca sen sinalizar no aparcadoiro da Avda. de Samil, na que o condutor do vehículo introduciu as rodas, golpeando os baixos do mesmo ó que produciu diversos danos, fochanca difícil de visualización porque estaba cuberta de auga, o que impedía apreciar, tanto a súa existencia, como as súas dimensións.

O punto 4.2.2 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que “o adxudicatario quedará obrigado a proceder a reparación ou substitución e mantemento propio de todos os elementos incluídos dentro do perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia, ben sexa polo propio uso dos mesmos ou como consecuencia de actos vandálicos, sufran un grao de deterioro que faga aconsellable a súa reposición. Para a execución destes labores, o adxudicatario procederá á reparación inmediata dos elementos. No caso de que o elemento correspondente resulte inservíbel o adxudicatario procederá ó seu inmediato valado e previa a consulta cos servizos técnicos municipais poderase proceder a súa retirada, entrega en dependencias municipais e posterior substitución polo elemento novo correspondente facilitado polo Concello ”. Así mesmo, no cadro de prezos do contrato aparece reflectido o prezo

que se aboa a Cespa por hectárea e ano polo mantemento dos aparcamentos, paseo marítimo, piñeirais con área e viais na zona de Samil.

Nestes termos, a falta de acreditación de que os desperfectos no aparcadoiro se tivesen producido cunha antelación mínima tal que impidise materialmente á empresa responsábel do mantemento proceder o valado da fochanca e avisar o Concello para que procedese ou ben á reparación da mesma ou ben a facilitarlle os materiais precisos para reparar o desperfeito, permite concluír que existe vinculación causal entre o dano e o deficiente funcionamento do servizo, o que determina a responsabilidade patrimonial e o conseguinte deber indemnizatorio de Cespa polos danos causados.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Legislativo 2/2000.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Antonio R. Rodríguez Fernández.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na cuantía de 833,80 euros, correspondentes ó valor de reparación do vehículo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1559).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POLO PERÍODO DE 3 MESES DE DOUS TÉCNICOS AUXILIARES DE BIBLIOTECA, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 16094/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.11.05, dáse conta do informe proposta da técnica de recursos humanos do Servizo de Persoal, do 09.11.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 8 de novembro de 2005, o Xefe do Departamento de Cultura, coa conformidade do concelleiro-delegado, solicitou a contratación urxente de dous técnicos auxiliares de Bibliotecas para reforzar o servizo, consecuencia da baixa existente no mesmo pola baixa médica por incapacidade laboral transitoria dun dos dous bibliotecarios cos que conta o referido Servizo, agravado isto polo incremento dos fondos que acolle a Casa da

Cultura e que proveñen da doazón que fixera D. Francisco Fernández del Riego ao Concello de Vigo (biblioteca, arquivo e colección de arte galega), que se suman á actividade que xa tiña a Fundación Penzol, nas mesmas dependencias, significando que no convenio de doazón de D. Francisco Fernandez del Riego, o concello asumía a abriga de asignar o persoal necesario para a xestión do fondo.

O Concelleiro delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo de data 9 de novembro, autorizou a referida contratación, ordeando a Unidade de Persoal a tramitación do correspondente expediente.

En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización da contratación laboral proposta.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004 de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

Primeiro.- Solicitar do Servizo Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos dez candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Bacharelato superior, FP II ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en procesos técnicos en bibliotecas, e posuir cursos de formación bibliotecaria, coñecemos de: Catalogación baixo formato IBERMARC, catalogación ISBD, Software de xestión bibliotecaria, coñecemento da lingua galega (nivel mínimo de iniciación)

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do Departamento de de Cultura ou técnico en quen delegue, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico/a en quen delegue –que actuará como secretario/a-, propoña dous candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión proporá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós/ás candidatos/as propostos/as pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1560).- PRÓRROGA, POLO PERÍODO DE 3 MESES, DO CONTRATO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 3 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS. EXPTE. 16095/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.11.05, dáse conta do informe proposta da técnica de recursos humanos do Servizo de Persoal, do 09.11.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.

Por acordo da Xunta Local de Goberno de data 17 de agosto de 2005, autorizouse a contratación de D^a, M^a Victoria Losada Malvar, NIF 36.144.290-C, D^a. Andrea García Moreira, NIF 36.300.666-J e D. Ramón González Sanz, NIF 36.120.579-E, como auxiliares administrativos por un periodo de tres meses, por acumulación de tarefas, para prestar servicios en diferentes servicios municipais, o ter superada a proba selectiva de que constou a selección de persoal auxiliar autorizada pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño anterior.

O persoal anteriormente citado, formalizouse un contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, modelo de contratación que establece un prazo contractual máximo de seis meses, con efectos de 18 de agosto de 2005, estando previsto a súa finalización o vindeiro 17 de novembro.

Con datas 2, 4 e 7 de novembro de 2005, os xefes dos servicios ós que están adscritas o/as interesado/as, coa conformidade dos concelleiros-delegados, propoñen a prórroga dos referidos contratos polos tres meses restantes, por continuar as mesmas circunstancias que se deron para a contratación das mesmas, prórroga que foi autorizada polo concelleiro-delegado da area de xestión municipal a través de instrucción de servicio de data 9 de novembro actual.

Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, permite unha duración máxima de seis meses, con carácter improrrogable e, previo informe da Intervención Xeral sobre a existencia de consignación presupostaria suficiente para facer fronte o gasto que se propón, o funcionario que subscribe propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prorrogar por un periodo de tres meses (18 de novembro de 2005 o 17 de febreiro de 2006), o contrato subscrito en data 18 de agosto de 2005, por un período de tres meses, co/coas auxiliares administrativo/as D^a, M^a Victoria Losada Malvar, NIF 36.144.290-C, D^a. Andrea García Moreira, NIF 36.300.666-J e D. Ramón González Sanz, NIF 36.120.579-E coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1561).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2005. EXPTE. 16099/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 14.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 3º TRIMESTRE-2005, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Florentino Prieto Dominguez e que ascenden a un total de 1.577'69 € (MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(1562).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, POLOS SERVIZOS PRESTADOS COMO PALISTAS, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16100/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 11.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar ó persoal que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Antonio Gil González e remata por don Cándido Souto Benítez e que ascende a un total de 58'52 € (CINCOENTA E OITO EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondente o mes de OUTUBRO de 2005 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(1563).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16101/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 11.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comenza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ós meses de SETEMBRO E OUTUBRO-2005 e que ascenden a un total 1.375'20 € (MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

26(1564).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR SERVIZOS PRESTADOS EN RÉXIME DE XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16102/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 14.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de OUTUBRO-2005, e que ascenden a un total de 1.189'25 € (MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

27(1565).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16103/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, e de acordo co informe proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 11.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de OUTUBRO-2005, e que ascenden a un total de 598'24 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

28(1566).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2005. EXPTE. 16107/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, dáse conta do informe proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 14.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por don Amantino Fernández Fernández do Museo de Castrelos, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 72.942'33 € (SETENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS COARENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES

CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de OUTUBRO de 2005:

29(1567).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE VÍAS E OBRAS, POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SEN SER OFICIAIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2005. EXPTE. 16104/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 15.11.05, conformado polo Interventor Xeral, e de acordo co informe proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 14.11.05, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal de Vías e Obras, na relación que se achega o expediente que comeza por don Daniel Dominguez Alonso e remata por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 318'24 € (TRESCENTOS DEZAOITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), correspondentes ó 3º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

30(1568).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 15.09.05 SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL. EXPTE. 16113/220.

Dáse conta do Decreto de Alcaldía de data 15.09.05, polo que a Excma. Alcaldesa resolve o seguinte:

Con data 25 de febreiro do 2005 prodúcese a xubilación do Xefe de Área de Réxime Interior: Don José Rodríguez Calvo, membro do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo, nomeado por acordo da Comisión de Goberno de 4 de setembro do 1998.

Considerando que o devandito Comité é o órgano paritario e colegiado de participación destinado a consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais, dacordo co artigo 38 da Ley 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Considerando asimesmo, que o número de Delegados de Prevención-representantes do persoal do Concello de Vigo, actualmente é de cinco, en proporción ó número de traballadores municipais, dacordo co artigo 35 da L.P.R.L.,

En relación ó exposto é en uso das atribucións que me confire a vixente lexislación RESOLVO:

Nomear a dona Aránzazu González Soengas, Técnica de Prevención de Riscos Laborais, representante do Concello de Vigo no Comité de Seguridade e Saúde Laboral en substitución de don José Rodríguez Calvo, dando conta do mesmo ó C.S.S.L. e Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que celebren.

Notifíquese a presente resolución a interesada.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

31(1569).- ADXUDICACION DE SUBVENCIONES DO PLAN DE CALIDADE TURÍSTICA 2005. EXPTE. 1733/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 14.11.05, conformado pola concelleira-delegada de Turismo e Comercio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión das subvencións propostas, polas contías e conceptos que se especifican a continuación, ós establecementos ou persoas físicas que se relacionan:

▪ Subvencións correntes:

NOME	CONCEPTO	CANTIDADE
Federación de Comercio de Vigo CIF. G-36.911.543	III Gala do Comercio	3.000
APROTUR CIF. G-36.955.896	I Coloquio Multisectorial Turismo	1.800
Asoc. Com. y Hostel. Vigovello CIF. G-36.909.232	Reedición e actualización mapa-directorio	2.400
Asoc. Comerciantes Calvario CIF. G-36.611.536	Dinamización comercial	2.400
Federac. Empresarios Hostelería CIF. G-36.614.907	Boletín promoción turística	2.400
Hostigal CIF. G-36.848.141	Plano turístico e de ocio	2.400
Asoc. Comerciantes Bouzas CF. G-36.926.392	Festa da Rincha	2.400
Café Bar Ferrinhas. M ^a . Isabel Martínes Martín CIF.36.085.758T	Actividades para nenos e maiores	3.000
Emerxe Solución. David Balado Castro CIF. B-36.946.127	Portal Turístico náutico	1.800
Asoc. Comerciantes Traviesas CIF. G-36.847.861	Festa Fin de Ano	3.000
NOME	CONCEPTO	CANTIDADE
Asociación Xogais CIF. G-36.917.037	Dinamización rúas. Vigo Nadal. Tríptico	2.400

Cofradía Cristo Afligidos Bouzas Cif. G-36.690.170	Pantallas para visualizar fuegos de Bouzas	3.000
---	--	-------

▪ Subvencions de capital:

NOME	CONCEPTO	CANTIDADE
Temperans & Animals CIF. B-36.822.278	Mobiliario terraza	3.000
Trastevere. Alberto Álvarez Barbosa CIF. B-36.939.122	Toldo para unificación estética local	923,97
Bar La Codorniz. José Manuel Rguez Glez. NIF. 35.554.415-A	Mobiliario terraza	2.032,32
Asoc. Comerc. Mercado A Pedra CIF. G-36.847.994	Mellora iluminación exterior	2.864,15
Dona Branca. Asunción Vázquez Rodríguez. NIF. 36.046.502-M	Mobiliario terraza	2.346,91

2º.- Desestimar as solicitudes de subvencions que se relacionan a continuación, por non ter aportado a documentación esixida nas bases da convocatoria, non ser obxecto subvencionable o proxecto presentado, ou por ter aprobado a Concellería unha subvención para o mesmo titular por outro concepto máis interesante dende o punto de vista turístico/comercial, na mesma convocatoria:

NOME	PROXECTO	MOTIVO
AETRAVI	Desfile modas	Conforme cláusula V, apartado 1
Asoc. Com. Zona Príncipe	Promoción ruta turística	Non figura logo Concellería
Asoc. Com. Vigovello	Carteis e pegatinas	Conforme cláusula V, apartado 1
Asoc. Com. Vigovello	Edición díptico	Conforme cláusula V, apartado 1
Cofradía Cristo Bouzas	Festas do Cristo	Conforme cláusula V, apartado 1
Cofradía Cristo Bouzas	Campeonato de Faluchos	Conforme cláusula V, apartado 1
Fed. Empres. Hostelería	Creación dun menú	Conforme cláusula V, apartado 1
HOSTIGAL, S.L.	Xardinería nunha rúa	Conforme cláusula V, apartado 1
HOSTIGAL, S.L.	Decoración rúa no Nadal	Conforme cláusula V, apartado 1
Arenas de Alcabre S.C.D.	III Xornadas Gastron-Marisqueiras	Documentación presentada fora prazo

3º.- Que, unha vez adxudicadas as subvencions para investimentos con cargo á partida 751.0.770.00.00, “Plan de Calidade Turística”, por un importe total de 11.167,35 €, se libere o crédito retido ata o saldo disponible da partida.

4º.- Unha vez notificado o acordo da Comisión de Goberno de concesión da subvencions, os adxudicatarios das subvencions terán un prazo máximo de dez días para a xustificación das mesmas, nos términos expresados na cláusula décimo segunda das bases da convocatoria.

5º.- O incumprimento dalgún dos extremos esixidos para o pagamento da subvención suporá a anulación da subvención concedida.

32(1570).- MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAIS PARA O SERVICIO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 46746/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Administración do Servizo de Vías e Obras, do 26.10.05, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 9 de agosto de 2005 o técnico do Parque Central de Servicios presenta un escrito sobre a necesidade de modificar o importe dos contratos vixentes de subministro de materiais para o Servizo de Vías e Obras cara o normal funcionamento das brigadas de traballo de mantemento e conservación de camiños e outras vías públicas para o ano 2005

En dito escrito indícanse as causas imprevistas que motivaron o erro na previsión inicial das necesidades nos distintos materiais, representadas neste caso pola incorporación de traballadores alleos ó Servizo a través dos programas municipais de emprego e sobre todo das excepcionais condicións de bonanza climatolóxica no presente ano, que posibilitaron o aumento de rendemento dos traballadores e en consecuencia, o aumento paralelo do consumo dos materiais para as obras. Asimesmo tamén debe considerarse o feito de que se consumisen menor cantidade da prevista inicialmente de algunhas clases de materiais pola importante colaboración da Excm. Diputación Provincial en obras con subministro de ditos materiais.

Indícanse no escrito os importes máximos necesarios para este ano, propoñendo polo tanto os cambios seguintes :

Subministro de Formigóns, adxudicado a “Transportes Adelino Carrera, S.L.” : Reduci-lo importe do contrato en 125.000,00 €.

Subministro de Áridos, adxudicado a “Transportes Adelino Carrera, S.L.”: Reduci-lo importe do contrato en 75.000,00 €

Subministro de Mezclas Bituminosas, adxudicado a “ Construcciones de Obras y Viales, S.a. (COVSA) ” : Incrementa-lo importe do contrato en 100.000,00 €

Subministro de Materiais Construcción, adxudicado a “ Transportes y Áridos Pablo Val, S.L.” : Incrementa-lo importe do contrato en 25.000,00 €

Subministro de Materias de Ferretería, adxudicado a “ Ferretería Pombo, S.A.”: Incrementa-lo importe do contrato en 25.000,00 €

Os contratos cujos importes preténdese modificar, foron adxudicados no seu día por concurso e formalizados posteriormente, continuando en vigor no día de hoxe.

Tódalas empresas cuios contratos preténdese modificar, dan a súa conformidade á modificación dos importes dos contratos, obrando ditos escritos de conformidade no expediente.

Con data 25 de outubro o Asesor Xurídico da Área de Servicios Xerais emite informe favorable ó respecto da modificación de ditos contratos.

Previamente a somete-lo expediente á consideración da Xunta de Goberno Local, o mesmo deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral

Os subministros realizaranse de xeito inmediato e o pago farase posteriormente á entrega dos mesmos, polo que non resulta necesario reaxusta-las garantías dos contratos.

A vista dos documentos que obran no expediente respecto da modificación dos importes dos contratos, este servizo de Vías e Obras, faillle á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1º.- Reducir en 125.000,00 € o importe máximo do contrato de subministro de formigóns asinado con “Transportes Adelino Carrera, S.L.” para o servizo de Vías e Obras, quedando o mesmo en un importe máximo de 95.000,00 € para o ano 2005, existindo para elo a conformidade do contratista.

2º.- Reducir en 75.000,00 € o importe máximo do contrato de subministro de áridos asinado con “Transportes Adelino Carrera, S.L.” para o servizo de Vías e Obras, quedando o mesmo en un importe máximo de 145.000,00 € para o ano 2005, existindo para elo a conformidade do contratista.

3º.- Incrementar en 100.000,00 € o importe máximo do contrato de subministro de mezclas bituminosas asinado con “ Construcciones de Obras y Viales, S.a. (COVSA) ” para o servizo de Vías e Obras, quedando o mesmo en un importe máximo de 400.000,00 € para o ano 2005, existindo para elo a conformidade do contratista.

4º.- Incrementar en 25.000,00 € o importe máximo do contrato de subministro de materiais de construción asinado con “ Transportes y Áridos Pablo Val, S.L.” para o servizo de Vías e Obras quedando o mesmo en un importe máximo de 245.000,00 € para o ano 2005, existindo para elo a conformidade do contratista.

5º.- Incrementar en 25.000,00 € o importe máximo do contrato de subministro de materiais de ferretería asinado con “ Ferretería Pombo, S.A.” para o servizo de Vías e Obras quedando o mesmo en un importe máximo de 75.000,00 € para o ano 2005, existindo para elo a conformidade do contratista .

A presente resolución comunicárase ó servizo de Contratación e ós contratistas interesados ós efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1571).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.969,06 € A FAVOR DE ALGALIA S. COOP. GALEGA POLO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO MONTE DO CASTRO. EXPTE. 1445/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral, do 02.11.05, e o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.10.05, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de Algalia S. Coop Galega C.I.F. F-36.859.395 , na contía de 12.969,06 euros, correspondentes ao desenvolvemento do programa de dinamización xuvenil do Monte do Castro , autorizado pola Concellería de Xuventude, durante os meses de xuño, xullo e agosto.

2º.- Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe 12.969,06 euros, correspondentes as facturas: nº A 428 de data 30/06/05, nº A/497 de data 22 /07/05 e a nºA/568 de data 26/08/05 en concepto desenvolvemento do programa de dinamización xuvenil do Monte do Castro durante os meses de xuño, xullo e agosto.

3º.- Imputar o gasto polos respectivos importes ao crédito dispoñible na partida 4520.227.06.06 do orzamento vixente.

34(1572).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 2.613,52 € A FAVOR DE CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ POLO SERVIZO DE INFOBUS DO MES DE MAIO. EXPTE. 1455/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 02.11.05, e o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.10.05, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de Concepción Cuña Pérez N.I.F. 36.091.261 Y , na contía de 2.247,14 € , correspondentes ao desenvolvemento do Servizo de Infobus, autorizado pola Concellería de Xuventude, durante o mes de maio.

2º.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe 2.247,14 €, correspondentes a factura: nº 05/05 de data 2//06/05, en concepto de Servizo de Infobus do mes de maio.

3º.-Imputar o gasto polos respectivos importes ao crédito dispoñible na partida 4520.227.06.02 do orzamento vixente.

35(1573).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.990,50 € A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS S.L. POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE INFORMACIÓN XUVENIL DURANTE O MES DE MAIO. EXPTE. 1456/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral, do 02.11.05, e o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.10.05, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de Xoma S.L (C.I.F. B-36.873.925), na contía de 5.995,00 €, correspondentes ao desenvolvemento do programa autorizado pola Concellería de Xuventude, durante o mes de maio.

2º.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe 5.995,00 €, correspondentes a factura: nº 34/2005 de data 25//05/05.

3º.-Imputar o gasto polos respectivos importes ao crédito dispoñible na partida 4520.227.06.00 do orzamento vixente.

36(1574).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.999,98 € A FAVOR DE TASOGA S.L. POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E DO PAVILLÓN DE COIA.EXPTE. 1453/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral, do 02.11.05, e o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 14.10.05, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de Tasoga S.L (C.I.F. B-36.199.412), na contía de 5.999,98 euros, correspondentes ao desenvolvemento do programa autorizado pola Concellería de Xuventude, durante o mes de maio.

2º.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe 5.999,98 euros, correspondentes a factura: nº 11/2005 de data 26//05/05.

3º.-Imputar o gasto polos respectivos importes ao crédito dispoñible na partida 4520.227.06.00 do orzamento vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. GUERRA FERNÁNDEZ.

37(1575).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL POLA QUE SE DENUNCIA O CONVENIO ASINADO CO CONCELLO DE VIGO EN DATA 20.05.05.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da resolución do 27.10.05 do Conselleiro do Medio Rural, pola que se denuncia o convenio asinado co Concello de Vigo en data 20.05.05 para a realización de obras de infraestrutura rural, denominadas “acondicionamento de cauce e mellora no núcleo (Bembrive), Abastecemento en Pouso (Bembrive), Acondicionamento do camiño Freixo (Sárdoma) e Acondicionamento entorno campo de festas cemiterio e colexio público Josefa Alonso e dos lavadoiro rurais (Matamá)”, por un orzamento total de 470.961,70 €.

A Xunta de Goberno, tendo en conta o informe da Asesoría Xurídica do 7 de novembro actual, acorda:

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 27.10.05 do conselleiro do Medio Rural.

38(1576).- PRÉSTAMO DE OBRAS DO PINTOR CARLOS MASIDE E DE JUAN LUIS GARCÍA Á SOCIEDADE ESTATAL DE CONMEMORACIONES CULTURALES. EXPTE. 1882/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da administrativa do Museo municipal Quiñones de León, do 25.11.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal dunha obra do pintor Carlos Maside e outra de Juan Luis García, á Sociedade Estatal de Conmemoraciones Culturales, para a exposición itinerante “*Tientos y silencios. Jesús Bal y Gay, 1905-1993*” a celebrar entre o 28 de novembro de 2005 e o 15 de maio de 2006 na salas de exposicións da Excma. Diputación Provincial de Lugo, Sala Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela e Residencia de Estudiantes de Madrid; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao Padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

39(1577).- PRÉSTAMO DE OBRAS DE MANUEL MOLDES AO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE PONTEVEDRA. EXPTE. 1883/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da administrativa do Museo municipal Quiñones de León, do 25.11.05, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra “O avó”, asignada ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, co número de inventario 506, ao Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra para a exposición “Manuel Moldes. Tempos de pintura” a celebrar entre o 29 de novembro de 2005 e o 10 de xaneiro de 2006 na sala de exposicións do citado Pazo; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

40(1578).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez